

LUNS 18 DE MAIO DE

2020!

Benvid@s a derradeira aventura de Curtis, Candi e Cora neste curso!!!!

A pesar da situación excepcional, imos cumprindo os obxectivos e a meta final para as nosas castoras e castores e que chegue pronto o verán! E iso...está á volta da esquina! Non tardan tanto as vacacións porque xa estamos nas casas, pero si o bo tempo e as ganas de ir á praia e...xa solo queda un suspiro! Iso é o que tódolos anos nos indica comezar o DERRADEIRO LIBRO DO COLE! Así que...moito ánimo!

Como todo tedes o material imos comezar mirando os contos correspondentes, e antes de nada, queremos que os collades, os miredes, expliques que credes que pasa, que vos gusta máis, menos, quen aparecen, se algo vos chama a atención... Os máis maiores podedes discriminar as letras que sabedes, intentar ler algunha palabriña...quen sabe...ó mellor algún xa case o pode ler completamente! Identificar animais, obxectos, contar... facer con eles todo o que queirades!

E despois...aquí vos deixamos os enlaces para que podades ver os contos en vídeo!

EL ESTANQUE DE NENÚFARES

(3 ANOS)

<https://www.youtube.com/watch?v=3mMam-XrCKM&list=PLLNicibuhvxIQahfOR1HFzm9xx6eqP4p&index=6>

<https://www.youtube.com/watch?v=gusrXlp-uuM&list=PLLNlcibuuhvwOPXWrX28Hd0Hjo-RGzHQu&index=6> (Inglés)

EL LIBRO DE LAS MARAVILLAS

(4 ANOS)

<https://www.youtube.com/watch?v=SnNBXSuxapQ&list=PLLNlcibuuhvxlQahfOR1HFzm9xx6eqP4p&index=17>

<https://www.youtube.com/watch?v=uO685DSqhKg&list=PLLNlcibuuhvwOPXWrX28Hd0Hjo-RGzHQu&index=18> (Inglés)

LA AVIONETA CREANUBES

(5 ANOS)

<https://www.youtube.com/watch?v=GWLHWcxzvSc&list=PLLNlcibuuhvxlQahfOR1HFzm9xx6eqP4p&index=14>

<https://www.youtube.com/watch?v=bb-GbDUInPo&list=PLLNlcibuuhvwOPXWrX28Hd0Hjo-RGzHQu&index=14>
(Inglés)

ACTIVIDADE: tódolos niveis, despois de observar o conto, velo... debes de analízalo, estaría ben que se volvea a contar de segundas, prestando máis atención o que se di e ás imaxes que o acompañan. Ler a palabra destacada, preguntar polo seu significado, buscar palabras que rimen, que comezan pola mesma letra... Tamén é importante preguntar as pequenas e pequenos se coñecen algo máis sobre a temática que presenta, que crean que imos a ver nesta unidade e...o MÁIS IMPORTANTE: QUE LLES EXPLIQUEDES A MORALEXA QUE TODOS TRAEN, O VALOR QUE SE QUERE TRASMITIR: AMIZADE, COIDADO DO PLANETA, COMPAÑERISMO, SOLIDARIEDADE...

Despois de analizar os contos, e para que podades seguir xogando e facendo actividades de atención, presentámosvos aquí os **MURAI** **DE** **CADA UNIDADE!**

Teredes que buscar os obxectos que vos indican Curtis, Candi e Cora, a ver se os atopades! Podedes tamén contar elementos, identificalos, crear un conto a través do que vedes...seguramente teredes moitas ideas!

3 ANOS:



4 ANOS:



5 ANOS:



E por hoxe creemos que é suficiente, así que agora a descansar que
mañá...comezamos os libros!

UN BIQUIÑO MOI GRANDE DAS PROFES!